

# TERCEIROS ENCONTROS DE BANDA DESEÑADA NA MARIÑA

## CONCURSO DE CREACIÓN

### BASES

A Biblioteca do IES Perdouro de Burela convoca o CONCURSO DE BANDA DESEÑADA dentro dos TERCEIROS ENCONTROS DE BANDA DESEÑADA NA MARIÑA. O seu desenvolvemento rexerá polas seguintes bases:

1. Poderán participar neste concurso todas as persoas interesadas, existindo as seguintes categorías:

- Libre ou aberta. Poderán participar autores de BD non profesionais e que non publicaran nunca obra nin en álbums nin en revistas.
- Categoría escolar para alumnos de 15 ata 18 anos.
- Categoría escolar para alumnos ata 14 anos.

2. Cada obra só poderá presentarse nunha das categorías.

3. O tema será libre, con textos en galego. Cada autor/a poderá presentar as obras que considere oportunas, non premiadas noutros concursos.

4. Os traballos terán que ser orixinais, cunha extensión máxima de catro páxinas, a cores ou en branco e negro. A técnica é libre. Os traballos presentaranse con dimensións DIN A-4.

5. A autoría poderá ser individual ou de dúas persoas: debuxante e guionista. O estilo, tratamento e xénero serán libres. O contido das obras non poderá atentarse contra a integridade das persoas.

6. Os traballos presentaranse baixo plica: en sobre pechado figurará na parte exterior o título ou lema e a categoría en que participa; no interior indícarase:

- Título da obra.
- Nome e apelidos do/a concursante (imprescindible).
- Fotocopia do D. N. I ou equivalente.
- Centro educativo (no caso das categorías escolares).
- Domicilio e teléfonos de contacto.

7. Os traballos enviaranse a:

IES Perdouro - Concurso BD

Rúa do instituto s/n

27880 Burela (Lugo)

8. O prazo da presentación dos traballos remata o 1 de abril de 2011.

9. Os premios serán os seguintes:

- Categoría Libre ou Aberta:
  - 1º Premio: Ordenador portátil e tableta dixitalizadora.
  - 2º Premio: Tableta dixitalizadora.
- Categorias escolares:
  - 1º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
  - 2º Premio: Colección de bandas deseñadas e material de pintura.
- Publicación das obras seleccionadas polo xurado nas diferentes categorías.

10. O xurado poderá declarar os premios desertos.

11. Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do IES Perdouro. O resto dos traballos poderán ser recollidos no Centro nun prazo non superior a un mes. Despois desa data, pasarán a ser propiedade do IES Perdouro.

12. A participación no concurso implica a aceptación destas bases. Os casos non previstos serán resoltos segundo o criterio da organización.

IES Perdouro  
Rúa do instituto s/n  
27880 Burela (Lugo)  
Teléfono: 982 575098  
[ies.perdouro@edu.xunta.es](mailto:ies.perdouro@edu.xunta.es)  
[bandadesexada@gmail.com](mailto:bandadesexada@gmail.com)